

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 11 DE XUÑO DE 2025

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIRAS:

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a once de xuño de dous mil vinte e cinco, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as oito horas corenta e cinco minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 4 de xuño de 2025, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN DE DOUS (2) POSTOS DE TRABALLO DE SOCORRISTA DA PISCINA MUNICIPAL

O Sr. alcalde informa aos/ás membros da Xunta de Goberno Local que por resolución de data 05/06/25 da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior concedeuse unha subvención, por importe de CINCO MIL NOVENTA E DOUS EUROS CON NOVENTA E SETE CÉNTIMOS (5.092,97 €), equivalente ao 50 % dos custos salariais totais para a contratación de dous socorristas a tempo

completo por un período máximo de dous meses e medio, ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 30, do 13/02/25). A cantidade restante foi consignada a través do expediente de modificación de créditos núm. 2/2025, aprobado por resolución da Alcaldía de data 10/06/25.

Dispoñendo xa do financiamento axeitado, e ante a inminente apertura da temporada estival na piscina municipal, cómpre proceder a tramitar o correspondente expediente para a provisión dos postos de traballo subvencionados.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG) para a provisión de dous (2) postos de traballo de socorrista a tempo completo, por un período máximo de dous meses e medio.

Segundo.- Aplicar á presente convocatoria as bases e o baremo de selección aprobado no seu día, por acordo deste órgano adoptado na sesión de data 7 de xuño de 2023, agás as retribucións que serán as fixadas polo convenio sectorial de aplicación en vigor.

3.- INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA “ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓN DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”

Infórmase aos/ás Sres./as concelleiros/as asistentes que, por resolución de data 13/05/25, a Dirección Xeral de Administración Local concedeu unha subvención ao Concello, por importe total de 50.192,87 €, para o proxecto denominado “Adquisición de vehículo para actuacións de protección

do ambiente e do espazo natural – varredora”, ao abeiro da Orde do 23 de xaneiro de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 25, do 06/02/25).

A motivación do presente contrato vén fundamentada na competencia que o Concello ostenta relativa a *“medio ambiente urbano”*, segundo o establecido no artigo 25.2 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL; así como da necesidade de cumprir co obxecto da subvención concedida para tal fin pola Dirección Xeral de Administración Local con cargo á subvención referida.

Xa que logo, cómpre proceder ao inicio do correspondente expediente de contratación, segundo a normativa establecida na lexislación de contratos das Administracións Públicas.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 116 da LCSP, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Iniciar o correspondente expediente de contratación do contrato de subministro de *“ADQUISICIÓN DE VEHÍCULO PARA ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL – VARREDORA”*, de conformidade coa memoria explicativa que obra no expediente, para a súa posterior aprobación por este órgano, incorporando ao mesmo os documentos legalmente esixibles.

Segundo.- Determinar o procedemento de adxudicación como aberto simplificado, de conformidade co previsto no artigo 159 da LCSP, con varios criterios de adxudicación.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa María Beleda Presas, traballadora laboral fixa do Concello no posto de traballo de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das vacacións do presente ano 2025 durante o mes de xuño do corrente. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Política Social e Igualdade, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que o posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas substitucións ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, a proposta do Departamento de Servizos Sociais, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SILVIA PEREIRA GONÇALVES, con NIE núm. [REDACTED], a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 18 e 23 xuño de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Rosa María Beleda Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- ORGANIZACIÓN DO CAMPAMENTO DE VERÁN “RODEIRO DE AVENTURA”

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade consistente nun campamento de verán coa denominación “*Rodeiro de aventura*”, que se desenvolverá nos meses de xullo e agosto en horario vespertino. Esta actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos durante o período non lectivo de verán, como complemento ao programa Concilia que se desenvolve polas mañás. Establécese coma unha actividade de ocio saudable e de formación en igualdade para as crianzas. Está iniciativa está subvencionada parcialmente pola Deputación Provincial, ao abeiro da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A nivel organizativo rexerase polas Bases reguladoras do Servizo de campamentos e conciliación do Concello de Rodeiro.
- ✓ A actividade desenvolverase dende o 1 de xullo ao 29 de agosto de 2025, ambos inclusive.
- ✓ O campamento dirixese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.

- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 16:00 h. a 20:00h. nas instalacións do CPI de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do Concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente nos programas Concilia ou Rodeiro de Aventura só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de inscrición no campamento de verán “Rodeiro de aventura” comeza o vindeiro día 17 de xuño e remata o día 26 de xuño.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por día.
- ✓ O criterio de selección de menores participantes será por orde de rexistro de entrada da solicitude de inscrición ata completar as prazas.
- ✓ De quedar prazas libres unha vez rematado o período ordinario de inscrición poderán solicitar prazas menores non empadroados/as.
- ✓ A actividade será gratuíta para os/as inscritos/as.

6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Ulloa Diéguez, traballadora laboral fixa do Concello na praza de limpadora das dependencias municipais, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais durante o mes de xuño do corrente.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2023, prorrogado a esta data para o ano 2025, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, por canto o servizo municipal de limpeza correspóndese cun sector prioritario e afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Porén o Sr. alcalde, dada a urxencia da contratación e o limitado período desta, non considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes e a proposta do Sr. alcalde, ACORDA:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ LORENA LEDO PÉREZ, con DNI núm. [REDACTED] a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 17 e 27 de xuño de 2025, ambos inclusive, en substitución da traballadora Laura Ulloa Diéguez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

7.- DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DOS POSTOS DE TRABALLO FINANCIADOS AO ABEIRO DO PROGRAMA APROL RURAL 2025

De conformidade co establecido nas Base quinta do proceso selectivo, aprobada por acordo deste órgano adoptado na sesión do día 27 de maio do corrente, a Xunta de Goberno Local, a proposta do Sr. alcalde e por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Designar como membros do Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a contratación laboral temporal dos postos de traballo financiados ao abeiro do Aprol Rural 2025, ás seguintes persoas:

PRESIDENTE: Jorge Ojea Mato, axente de emprego e desenvolvemento local.

VOGAIS: José Antonio Arias Deza, operario de servizos diversos.
Francisco Lorenzo Eiriz, peón de servizos diversos.

SECRETARIO: José María Novo Ramos, secretario-interventor.

8.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO MENOR DE SERVIZOS

Vistos o orzamento presentado en data 19/05/25, os informes de insuficiencia de medios e da necesidade do contrato emitidos polo concelleiro-delegado de Economía, con data 11/06/25, e xustificado no expediente que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar as regras xerais de contratación, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, de conformidade co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Adxudicar, como contrato menor, o contrato de servizos consistente no análise organizativo para facilitar a valoración dos postos de traballo do Concello coa finalidade da tramitación dunha Relación de Postos de Traballo (RPT), á sociedade ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A., con CIF núm. [REDACTED], e con domicilio social en Vigo, ao prezo de ONCE MIL NOVECENTOS SETENTA E NOVE EUROS (11.979,00 €), IVE incluído.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente con cargo á partida orzamentaria 920/227 do presuposto en vigor.

9.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- SERTECO-OR S.L. 672,76 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 25A/784 e 25A/783 (FACe).
- EVELB TÉCNICAS Y SISTEMAS S.L. 644,20 €
Por licenza anual da aplicación Autocad para equipos informáticos municipais, s/factura núm. FVE/2025/0257 (FACe).
- GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A. 520,29 € E 33,88 €
Por consumos eléctricos do alumeadado e bombeo do S.UR.ND.I-1, s/facturas núm. PI25142000180151 e PI25142000180179 (FACe).

- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 112,89 € E 403,54 €
Por consumos de telefonía fixa, móbil e datos, s/facturas núm. TA7H80001470 e TA7H80001471 (FACe).
- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E. 47,52 € E 2,35 €
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de maio de 2025, s/facturas núm. 4004340823 e 4004351480 (FACe).
- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 628,80 €
Por traballos de asesoría laboral e de seguridade social, s/factura núm. 807 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 338,93 €
Por subministro de materiais de ferraxería para obras municipais, s/factura núm. 001203.
- O RODO, S. COOP. GALEGA 1.496,04 €
Por traballos de reparación e mantemento de vehículos e maquinaria municipal, s/factura núm. T-65.
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 772,68 €
Por adquisición de canles e material de saneamento para obras municipais, s/factura núm. 194 (FACe).
- DURO E HIJOS S.L. 502,15 €
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 1F25/0989 (FACe).
- SOLUCIONES INTEGRALES PARA EL MEDIO AMBIENTE S.L.U. 6.611,22 €
Por servizo de recollida e transporte de residuos de puntos de acopio de plásticos agrícolas, s/factura núm. 25130 (FACe).

- GRANITOS DEZA S.L. 371,42 €
Por subministro de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 105/2025.
- TRANSPORTES RODOBLE S.L. 356,95 €
Por transporte de zavorra para obras en camiños municipais, s/factura núm. 2025/006.
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 1.133,74 €
Por subministro de zavorra e grava para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000422 (FACe).

Obradoiro dual de emprego “Terras de Camba I”

- V. CALVIÑO ASESORES S.L. 203,28 €
Por traballos de confección de nóminas no mes de abril de 2025, s/factura núm. 935 (FACe).
- FERRODEIRO S.L. 88,84 €
Por subministro de diverso material para obras, s/factura núm. 0001204.
- SUMINISTROS SAA-DOZÓN S.L. 290,44 € E 37,99
Por subministro de ferramentas e material para obras, s/facturas núm. 195 e 196 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as nove horas dez minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)